

RESOLUCIÓN DA XEFATURA TERRITORIAL DA CONSELLERÍA DO MAR NA CORUÑA, POLA QUE SE CONVOCA O PROCESO SELECTIVO PARA O ACCESO AO PERMISO DE EXPLOTACIÓN, MODALIDADE OURIZO A PÉ, PARA O EXERCICIO DA ACTIVIDADE EXTRACTIVA NA CONFRARÍA DE PESCADORES DE MUXIA.

ANTECEDENTES

1. O 02.03.2023 por Resolución da Conselleira do Mar aprobouse o plan de xestión de marisqueo de nova incorporación para a conservación e explotación de ourizo na modalidade de a pé para o 2023 e 2024 presentado pola confraría de pescadores de Muxía (PE410A 2022/1-1).
2. De conformidade co expediente de aprobación do plan de xestión de marisqueo de nova incorporación para a explotación do ourizo a pé para os anos 2023 e 2024, adóptase que o número máximo de participantes no plan sexa dez (10) permisos. Ao tratarse dun plan de nova incorporación o número de prazas vacantes ata acadar o número máximo de participantes é de dez (10) prazas.
3. O 27.03.2023 á Confraría de pescadores de Muxía remite correo no que solicitan proceder á cobertura das dez (10) prazas vacantes comentadas de conformidade co aprobado no plan de explotación.

CONSIDERACIÓNS LEGAIS E TÉCNICAS

1. A Orde do 30 de decembro de 2015, pola que se regula a explotación dos recursos específicos no ámbito da Comunidade Autónoma de Galicia, determina na Sección 1ª do Capítulo II, o procedemento para a obtención do permiso de explotación a pé para recursos específicos, entre os que figura o ourizo.
2. No artigo 10 da Orde do 30 de decembro de 2015, indicase que nos procedementos para a obtención do permiso de explotación a pé para recursos específicos, a xefatura territorial poderá reservar de forma motivada ata un máximo do 10 % das prazas ofertadas, co fin de promover a incorporación de mozos e mozas ao sector, así como de persoas en risco de exclusión social.
3. No apartado de Participantes da Resolución de aprobación do plan de xestión de marisqueo de nova incorporación para a conservación e explotación de ourizo na modalidade de a pé para o 2023 e 2024, se recolle o seguinte:

Xefatura Territorial da Coruña
Rúa Ramón y Cajal, 2 5º andar (Casa do Mar)
15006 A Coruña
Tel.: 981 182 000
xfaturaterritorial.mar.coruna@xunta.gal



- Trátase dun plan complementario para as persoas percebeiras a pé que participan no plan de xestión de percebe na modalidade de a pé da confraría de Muxía.
- Acéptase reservar o 10% das prazas solicitadas (1 praza) para a xente moza ou en risco de exclusión social que podan estar interesadas con fin de promover a súa incorporación ao sector.

4. Todas as solicitudes que cumpran os requisitos sinalados nesta resolución serán valoradas de acordo co baremo aprobado pola Resolución do 4 de maio de 2016, da Dirección Xeral de Desenvolvemento Pesqueiro, pola que se aproba o baremo para obter o permiso de explotación a pé para recursos específicos e que figura como anexo B desta resolución.

5. Esta xefatura territorial é o órgano competente para o outorgamento dos permisos de explotación de conformidade co establecido no Decreto 425/1993, do 17 de decembro, polo que se refunde a normativa vixente sobre o permiso de explotación para exercer a actividade pesqueira e marisqueira, modificado polo Decreto 114/2007, de 31 de maio, e polo Decreto 48/2013, do 7 de marzo.

De acordo con todo o anterior, e co disposto na disposición transitoria primeira do Decreto 245/2009, do 30 de abril (DOG nº 84, do 1 de maio de 2009), polo que se regulan as delegacións territoriais da Xunta de Galicia, e no Decreto 177/2016 (DOG nº 239, do 16 de decembro de 2016), polo que se fixa a estrutura orgánica da Vicepresidencia e das consellerías da Xunta de Galicia, esta xefatura territorial no exercicio das súas competencias,

RESOLVO

1. Convocar proceso selectivo para a obtención de dez (10) permisos de explotación, modalidade de ourizo a pé, para o exercicio da actividade extractiva no ámbito do plan de xestión de ourizo da confraría de pescadores de Muxía, con suxeición ás bases da convocatoria recollidas no anexo A.

Contra esta resolución, que non pon fin á vía administrativa, poderá interpoñerse recurso de alzada ante a Conselleira do Mar no prazo dun (1) mes contado a partir do día seguinte ao da publicación desta resolución, de acordo co establecido nos artigos 30, 121 e 122 da Lei 39/2015 de 1 de outubro, do Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas.

A xefa territorial
María José Cancelo Baquero
(sinatura dixital)

Xefatura Territorial da Coruña
Rúa Ramón y Cajal, 2 5º andar (Casa do Mar)
15006 A Coruña
Tel.: 981 182 000
xfaturaterritorial.mar.coruna@xunta.gal



ANEXO A

Bases da convocatoria

1. Normas xerais.

1.1. O obxecto do proceso selectivo será o outorgamento de dez (10) permisos de explotación, modalidade ourizo a pé, para o exercicio da actividade extractiva no ámbito do plan de explotación de ourizo da confraría de pescadores de Muxía.

Este proceso desenvolverase en dúas quendas, unha xeral e outra especial dirixida para aquelas persoas que se atopen en circunstancias socioeconómicas de especial necesidade.

1.2. Tendo en conta que esta explotación será complementaria á actividade extractiva de percebe a pé, establécense como requisito para participar no proceso de selección estar en posesión do permiso de explotación a pé de percebe na confraría de Muxía.

1.3. Esta xefatura territorial acolléndose ao disposto no artigo 10 da Orde do 30 de decembro de 2015, acorda que do total das prazas convocadas reservarase unha (1) praza para seren cuberta polas persoas que acrediten circunstancias socioeconómicas de especial necesidade, co fin de facilitar a incorporación de persoas con risco de exclusión social ao mercado laboral:

Para os efectos desta convocatoria considerarase que se atopan en circunstancias socioeconómicas de especial necesidade as persoas que:

- a) Sexan perceptoras da renda activa de inserción.
- b) Sexan perceptoras da renda de integración social de Galicia.
- c) Acheguen informe dos servizos sociais das administracións públicas no que se acredite que se atopan en situación de risco de exclusión social.

No suposto de que esta praza non sexa cuberta pasará a integrarse ás prazas da quenda xeral.

Se algunha das persoas candidatas se atopa en circunstancias socioeconómicas de especial necesidade e reunise a puntuación suficiente para ser seleccionada pola quenda xeral, incluírase nesa quenda. En caso contrario, figurará na quenda especial.

As persoas candidatas que se atopen en circunstancias socioeconómicas de especial necesidade que non resultaran seleccionadas pola quenda especial serán incluídas por orde de puntuación na lista conxunta de persoas non seleccionadas.

2. Requisitos das persoas candidatas.

Para seren admitidas ao proceso selectivo as persoas aspirantes deberán, consonte ao artigo 17º do Decreto 425/1993, do 17 de decembro, e o artigo 9º da Orde do 30 de decembro de 2015, cumprir no día de finalización do prazo de presentación de solicitudes



e manter ata o momento da expedición do permiso de explotación os seguintes requisitos:

- a) Estar empadroada nun concello do litoral de Galicia.
- b) Ser maior de 18 anos ou menor emancipada e non superar a idade esixida para ter dereito á pensión de xubilación, na súa modalidade contributiva, conforme o previsto na normativa en materia de Seguridade Social.
- c) Non ser perceptora de pensións de xubilación, grande invalidez, incapacidade permanente absoluta, incapacidade permanente total, en favor de familiares ou perceptor da renda de integración social de Galicia. Os preceptores da renda de integración social en Galicia poderán acceder ao proceso de selección, debendo renunciar a ela no momento do outorgamento do permiso de explotación.
- d) Non estar incapacitada para exercer os labores de marisqueo.

3. Solicitudes, documentación, prazo e lugar de presentación.

As persoas interesadas dirixirán a súa solicitude á xefatura territorial da Coruña, empregando o modelo que está a disposición na páxina web da Sede Electrónica da Xunta de Galicia <https://sede.xunta.gal> (que tamén se acompaña a estas bases no Anexo D).

O prazo para a presentación das solicitudes será de quince (15) días hábiles, contados desde o día seguinte ao da publicación desta convocatoria no taboleiro de anuncios desta xefatura territorial e na páxina web <http://www.mar.xunta.gal>.

Esta convocatoria tamén estará exposta, con carácter informativo, no taboleiro de anuncios da confraría de pescadores de Muxía.

As solicitudes dirixiranse á xefatura territorial da Coruña e presentaranse directamente ou a través das entidades asociativas do sector.

As solicitudes e a documentación acreditativa, deberán presentarse preferiblemente por vía electrónica a través do formulario normalizado dispoñible na sede electrónica da Xunta de Galicia (<https://sede.xunta.es>) de acordo co establecido nos artigos 27 da lei 11/2007, do 22 de xuño, de acceso electrónico dos cidadáns aos servizos públicos e 24 do Decreto 198/2010, do 2 de decembro, polo que se regula o desenvolvemento da administración electrónica na Xunta de Galicia e nas entidades dela dependentes.

Opcionalmente, tamén se poderán presentar en soporte papel en calquera dos lugares e rexistros establecidos no artigo 16 da Lei 39/2015 de 1 de outubro, do Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas utilizando o formulario normalizado dispoñible na sede electrónica da Xunta de Galicia.

A falsidade dos datos esenciais para a selección das persoas aspirantes dará lugar á súa exclusión automática do proceso selectivo.

Xunto coa solicitude presentarase:

Xefatura Territorial da Coruña
Rúa Ramón y Cajal, 2 5º andar (Casa do Mar)
15006 A Coruña
Tel.: 981 182 000
xefaturaterritorial.mar.coruna@xunta.gal



a) Xustificante de ter aboado as taxas correspondentes. A presentación do xustificante do ingreso das taxas sen acreditación da entidade bancaria con indicación da data determinará a exclusión da persoa aspirante. En ningún caso a presentación deste xustificante suporá substitución da presentación en tempo e forma da solicitude. Non será necesario presentar este documento se o pago da taxa se realizou de forma telemática.

b) Copia acreditativa do documento nacional de identidade. Este documento só se presentará no caso de non acreditar consentimento expreso para comprobar os datos de identidade mediante consulta ao sistema de verificación de datos de identidade, de acordo co Decreto 255/2008, do 23 de outubro, polo que se simplifica a documentación para a tramitación dos procedementos administrativos e se fomenta a utilización dos medios electrónicos, e a Orde do 7 de xullo de 2009, pola que se desenvolve o antedito decreto.

c) Copia acreditativa da documentación que acredita cada un dos aspectos que se van a valorar segundo o baremo aprobado pola Resolución do 4 de maio de 2016, da Dirección Xeral de Desenvolvemento Pesqueiro pola que se aproba o baremo para obter o permiso de explotación a pé para recursos específicos (anexo B):

c.1) Demandante de emprego:

Informe actualizado dos períodos de inscrición do servizo público de Emprego acreditando o tempo que estivo inscrito como demandante de emprego, expedido pola oficina de emprego xunto co Informe actualizado da vida laboral, expedido polo Instituto Social de la Marina ou pola Tesourería Xeral da Seguridade Social (á data de resolución da convocatoria ou posterior).

Non será necesario presentar a documentación deste apartado, en caso de autorización á Consellería do Mar para a consulta destes datos.

No suposto de imposibilidade material de obter o documento, a xefatura territorial poderá requirirle á persoa solicitante a súa presentación ou, na súa falta, a acreditación por outros medios dos requisitos a que se refire o documento, con anterioridade á formulación da proposta de resolución, de acordo co disposto no artigo 49.2 da Orde do 30 de decembro de 2015, pola que se regula a explotación dos recursos específicos na Comunidade Autónoma de Galicia.

c.2) Formación:

- Actividades de formación: Copia acreditativa dos diplomas, acreditacións ou certificados de asistencia a cursos, seminarios e xornadas ou asimiladas inscritas no catálogo de actividades formativas recoñecidas para o baremo do marisqueo a pé para recursos específicos (anexo C e tamén dispoñible na páxina web <http://www.mar.xunta.gal>) na data da convocatoria. Unicamente se valorarán as actividades formativas que estean finalizadas na data de publicación da convocatoria.



- Titulación académica. Copia acreditativa da titulación académica.

c.3) Experiencia profesional:

- Copia acreditativa dos permisos de explotación para marisqueo a pé para recursos específicos e/ou para marisqueo a pé nos dous últimos anos anteriores á data da convocatoria. Non será necesario en caso de autorización á Consellería do Mar para a consulta destes datos.
- Copia acreditativa do caderno de navegación con embarques como percebeiro/a (con acreditación) en embarcacións que contan coa modalidade no seu permiso de explotación nos 2 anos anteriores á data da convocatoria.

c.4) Empadramento nun concello situado no ámbito territorial da confraría de pescadores de Muxía, durante un período mínimo de 1 ano anterior á data da convocatoria.

Certificación actual de empadramento no que conste a antigüidade. Este documento só se presentará no caso de non acreditar consentimento expreso para comprobar os datos de residencia mediante consulta ao sistema de verificación de datos de residencia, de acordo co Decreto 255/2008, do 23 de outubro, e a Orde do 7 de xullo de 2009.

No suposto de imposibilidade material de obter o documento, a xefatura territorial poderá requirirlle á persoa solicitante a súa presentación ou, na súa falta, a acreditación por outros medios dos requisitos a que se refire o documento, con anterioridade á formulación da proposta de resolución, de acordo co disposto no artigo 49.2 da Orde do 30 de decembro de 2015, pola que se regula a explotación dos recursos específicos na Comunidade Autónoma de Galicia.

d) Declaración responsable de que cumpre os requisitos esixidos no artigo 17 c), e), f) e g) do Decreto 425/1993, do 17 de decembro (incluída no modelo de solicitude). As persoas perceptoras da renda de integración social poderán acceder ao proceso de selección, e deberán renunciar a ela no momento do outorgamento do permiso de explotación.

e) As persoas que participen na quenda especial na que se considera as circunstancias socioeconómicas de especial necesidade deberán presentar ademais:

- Certificación acreditativa de ter dereito á percepción dalgunha das prestacións arriba indicadas no momento desta convocatoria, expedida polo órgano encargado da súa xestión ou informe dos servizos sociais no que se indique se atopan en situación de risco de exclusión social.

3.1. Emenda da solicitude.

A xefatura territorial da Coruña, como órgano responsable da tramitación e resolución das solicitudes, comprobará que estas reúnen os requisitos establecidos. De non ser así, requiriráselle á persoa interesada, para que nun prazo de dez (10) días hábiles a emende,



con indicación de que se así non o fixese se lle terá por desistida da súa petición logo de resolución expresa.

A notificación do requirimento, por tratarse dun acto integrante dun procedemento de concorrencia competitiva e de conformidade co establecido nos artigos 42, 43 e 45 da Lei 39/2015 de 1 de outubro, poderá realizarse mediante publicación no taboleiro de anuncios desta xefatura territorial e na páxina web <http://www.mar.xunta.gal> e producirá os mesmos efectos que a notificación individualizada. Esta publicación tamén se realizará, con carácter informativo, no taboleiro de anuncios da confraría de pescadores de Muxía.

4. Proceso selectivo.

As solicitudes, que cumpran os requisitos establecidos, serán admitidas ao proceso selectivo e serán valoradas consonte ao baremo aprobado pola Resolución do 4 de maio de 2016, da Dirección Xeral de Desenvolvemento Pesqueiro (anexo B).

Unha vez baremadas as solicitudes, a xefatura territorial publicará unha relación provisional de persoas admitidas para a quenda xeral e outra para a quenda especial (circunstancias socioeconómicas de especial necesidade), indicando a puntuación acadada por cada unha delas. Nesta relación recolleranse as persoas excluídas do proceso e as causas de dita exclusión.

Esta resolución publicarase no taboleiro de anuncios desta xefatura territorial e na páxina web <http://www.mar.xunta.gal>. A resolución tamén se exporá, con carácter informativo, no taboleiro de anuncios da confraría de pescadores de Muxía.

Contra esta relación provisional, as persoas interesadas poderán presentar, perante a xefatura territorial, cantas alegacións estimen oportunas durante un prazo quince (15) días hábiles contados desde o día seguinte ao da publicación desta relación provisional.

O feito de figurar na relación de admitidos/as non prexulga que se lles recoñeza ás persoas interesadas a posesión dos requisitos esixidos no procedemento que se convoca. Cando da documentación que debe presentarse, no caso de superar o proceso selectivo, se desprenda que non posúen algún dos requisitos, as persoas interesadas decaerán en todos os dereitos que puideren derivar da súa participación no procedemento.

5. Listaxe de persoas seleccionadas, presentación de documentación e concesión de permiso de explotación

5.1. Listaxe de persoas seleccionadas.

A cualificación do proceso selectivo virá determinada pola suma das puntuacións obtidas nos distintos conceptos baremables.

No suposto de empate nas puntuacións de dous ou máis aspirantes, este resolverase consonte ao baremo aprobado pola Resolución do 4 de maio de 2016, da Dirección Xeral de Desenvolvemento Pesqueiro (anexo B).



Unha vez finalizado o prazo de presentación de alegacións e unha vez analizadas estas, a xefatura territorial ditará unha resolución, coa relación definitiva das persoas que superaron o proceso selectivo pola quenda xeral e pola quenda especial (circunstancias socioeconómicas de especial necesidade), por orde de puntuacións acadadas, con indicación do seu documento nacional de identidade, así como aquelas que non o superaron.

A lista de persoas non seleccionadas constituirá unha lista de reserva que terá unha vixencia dun (1) ano contado desde o día seguinte ao da data da resolución da xefatura territorial.

Para o caso das persoas candidatas que se presentaran pola quenda especial:

- a) Se algunha delas reúne a puntuación suficiente para ser seleccionada pola quenda xeral, incluírase nesa quenda. En caso contrario, figurará na quenda especial.
- b) Aquelas que non resultaran seleccionadas pola quenda especial serán incluídas por orde de puntuación na lista conxunta de persoas non seleccionadas.

A resolución coa relación definitiva publicarase no taboleiro de anuncios desta xefatura territorial e na páxina web <http://www.mar.xunta.gal>. A resolución tamén se exporá, con carácter informativo, no taboleiro de anuncios da confraría de pescadores de Muxía.

5.2. Presentación da documentación.

A partir do día seguinte ao da publicación da relación definitiva, as persoas que superaron o proceso selectivo disporán dun prazo de quince (15) días hábiles para a presentación dos seguintes documentos:

- a) Certificado de estar empadroada nun municipio do litoral de Galicia. Esta documentación non será necesaria que se presente no caso de consentimento expreso da persoa para comprobar os datos de residencia mediante consulta ao sistema de verificación de datos de acordo co Decreto 255/2008, do 23 de outubro, e a Orde do 7 de xullo de 2009.
- b) Certificado da Seguridade Social de non ser perceptora de pensións de xubilación, grande invalidez, incapacidade permanente absoluta, incapacidade permanente total, en favor de familiares ou perceptor da renda de integración social de Galicia. As persoas perceptoras da renda de integración social deberán renunciar a ela. Non será necesario en caso de autorización á Consellería do Mar para a consulta destes datos.
- c) Documentación acreditativa de non estar incapacitada para exercer os labores de marisqueo.

As persoas que dentro do prazo fixado non presentasen a documentación ou do exame dela se deducise que carecen dalgún dos requisitos sinalados na base 1.2, entenderase que desisten da súa solicitude.



Neste suposto, emitirase unha nova resolución consonte aos prazos e forma recollidos nos parágrafos anteriores, declarando seleccionada/s a/as persoa/s que figuren na lista de reserva.

No caso de que o desestimento corresponda a unha persoa seleccionada pola quenda especial, declarárase seleccionada á persoa con maior puntuación que proveña da mesma quenda.

5.3. Outorgamento do permiso de explotación.

De acordo co disposto no Decreto 425/1993, do 17 de decembro e a Orde do 30 de decembro de 2015, as persoas seleccionadas que presentaron a documentación dentro do prazo establecido deberán cumprir cos seguintes requisitos para a obtención do permiso de explotación:

- a)** Estar en posesión do certificado profesional correspondente.
- b)** Non ter sancións firmes en vía administrativa en materia de protección de recursos mariños, pendentes de pagamento.
- c)** Non ser armador/a dunha embarcación que teña algunha modalidade de recursos específicos no seu permiso de explotación.
- d)** Non ter acreditación de tripulante habilitado para a explotación de percebe nunha embarcación.

A xefatura territorial ditará resolución concedendo ou denegando o permiso de explotación para o marisqueo a pé, conforme ao establecido no artigo 6 do Decreto 425/1993, do 17 de decembro de 1993.



III. OUTRAS DISPOSICIÓNS

CONSELLERÍA DO MAR

RESOLUCIÓN do 4 de maio de 2016, da Dirección Xeral de Desenvolvemento Pesqueiro, pola que se aproba o baremo para obter o permiso de explotación a pé para recursos específicos.

O Decreto 425/1993, do 17 de decembro, polo que se refunde a normativa vixente sobre o permiso de explotación para exercer a actividade pesqueira e marisqueira, regula no seu capítulo IV o permiso de explotación para os recursos específicos.

A Orde do 30 de decembro de 2015, pola que se regula a explotación dos recursos específicos no ámbito da Comunidade Autónoma de Galicia, na sección 1ª do capítulo II, define os requisitos e o procedemento para a obtención do permiso de explotación a pé para recursos específicos.

Así, o artigo 11 determina que a selección das solicitudes para obter o permiso de explotación a pé para recursos específicos estará suxeito ao baremo establecido pola resolución da dirección xeral competente en materia de marisqueo. O dito baremo terá en conta, cando menos, os seguintes criterios: estar en situación de demandante de emprego, formación, experiencia profesional e o empadramento nun concello situado no ámbito territorial das entidades titulares do plan de xestión en que está prevista a incorporación.

A Resolución do 26.12.2008, da Dirección Xeral de Recursos Mariños, establece o baremo que se aplicará para o acceso ao permiso de explotación a pé para recursos específicos, resolución que foi ditada en consonancia coa Orde do 31.5.1995 e a Orde do 6.3.2000 e que acaban de ser derogadas, parcialmente a primeira e na súa totalidade a segunda.

Así pois, este novo contexto normativo, sumado á experiencia acumulada no proceso de valoración de solicitudes, fai aconsellable mellorar o procedemento e adaptalo aos preceptos normativos, así como que a valoración das actividades formativas sexa homoxénea e que as persoas interesadas coñezan de antemán cales son consideradas como méritos e a puntuación que lles corresponde. Por este motivo, recoñeceranse as actividades formativas consideradas como mérito para o baremo e desenvolverase un catálogo no cal se inscribirán, e que será público.



ANEXO I

Baremo para a valoración das solicitudes para obter o permiso de explotación a pé para recursos específicos

1. Estar en situación de demandante de emprego.

A puntuación máxima total que se poderá obter nesta epígrafe será de 3 puntos.

Polo tempo transcorrido como desempleado/a, debidamente acreditado e sempre que sexa demandante de emprego (non mellora de emprego): 0,25 puntos por mes completo durante un tempo máximo de 1 ano anterior á data da convocatoria.

2. Formación.

A puntuación máxima que se poderá obter nesta epígrafe será de 3 puntos.

Nesta epígrafe computaranse as actividades de formación realizadas pola persoa interesada e a titulación académica que posúa.

a) Actividades de formación (cursos, seminarios e xornadas ou asimiladas).

1º. Valoraranse as actividades recoñecidas como mérito para acceder ao permiso de explotación a pé para recursos específicos que estean inscritas no catálogo de actividades formativas, segundo o establecido no anexo II.

2º. Cando unha actividade formativa teña varios niveis, só computará aquela que permita acadar a maior puntuación.

3º. Os certificados de mariscador/a e percebeiro/a non serán puntuables.

b) Titulación académica.

1º. Graduado/a en ESO ou equivalente: 0,15 puntos.

2º. Bacharel ou equivalente: 0,25 puntos.



3º. Diplomatura universitaria ou equivalente: 0,35 puntos.

4º. Licenciatura universitaria ou equivalente: 0,5 puntos.

Só se valorará a titulación académica superior. Para os efectos de equivalencia de titulación, só se admitirán as establecidas polo Ministerio de Educación, Cultura e Deporte.

Ademais, cando a persoa solicitante posúa algunha titulación profesional regulada de acuicultura, engadiráselle 1 punto máis á valoración obtida na titulación académica.

3. Experiencia profesional na extracción de recursos mariños.

A puntuación máxima total que se poderá obter nesta epígrafe será de 2 puntos.

a) Ter sido titular dun permiso de explotación a pé para recursos específicos nos 2 anos anteriores á data da convocatoria: 1 punto por ano completo.

b) Ter sido titular dun permiso de explotación para marisqueo a pé nos 2 anos anteriores á data da convocatoria: 0,5 puntos por ano completo.

Non se terán en conta os aspectos recollidos nas letras a) e b) cando a perda dos permisos de explotación fose como consecuencia de sanción en materia de protección dos recursos mariños ou incumprimento das prescricións ou requisitos establecidos no plan de xestión.

c) Ter estado enrolado/a como percebeiro/a (con acreditación) ou mergullador/a en embarcacións que contan coa modalidade do recurso específico do que se trate no seu permiso de explotación nos 2 anos anteriores á data da convocatoria: 0,04 puntos/mes completo sempre que a embarcación rexistrase actividade pesqueira e vendas para esa modalidade.

4. Empadroamento nun concello situado no ámbito territorial das entidades titulares do plan de xestión en que está prevista a incorporación, durante un período mínimo de 1 ano anterior á data da convocatoria: 2 puntos.

5. En caso de empate na puntuación obtida, resolverase mediante sorteo en presenza das persoas afectadas pola dita situación.





CATÁLOGO DE ACTIVIDADES FORMATIVAS RECOÑECIDAS PARA O BAREMO DO PERMISO DE EXPLOTACIÓN A PÉ DE RECURSOS ESPECÍFICOS

Nº	CÓDIGO	ENTIDADE ORGANIZADORA	DENOMINACIÓN DA ACTIVIDADE	MODALIDADE	Nº HORAS	PUNTOS	DATA RECOÑECEMENTO
1	REP-CMRM-01	Consellería de Pesca, Marisqueo a Acuicultura	Normalización e tipificación dos produtos pesqueiros	Presencial	10	0,20	13/05/2016
2	REP-CMRM-02	Consellería de Pesca e Asuntos Marítimos	Operador-Manipulador de Productos Pesqueiros Frescos	Presencial	36	0,72	13/05/2016
3	REP-CMRM-03	Consellería de Pesca e Asuntos Marítimos	Operador-Manipulador de Productos Pesqueiros Frescos	Presencial	30	0,60	13/05/2016
4	REP-CMRM-04	Consellería de Pesca e Asuntos Marítimos	Curso de Directivas para Cooperativas	Presencial	20	0,40	13/05/2016
5	REP-CMRM-05	Consellería de Pesca Marisqueo e Acuicultura	Manipulación e Procesado de Peixes e Mariscos	Presencial	50	1,00	13/05/2016
6	REP-CMRM-06	Consellería de Pesca Marisqueo e Acuicultura	Xestión Empresarial	Presencial	50	1,00	13/05/2016
7	REP-CMRM-07	Consellería de Pesca Marisqueo e Acuicultura	Formación para Directivas de Agrupacións de Mariscadores	Presencial	60	1,20	13/05/2016
8	REP-CMRM-08	Consellería de Pesca e Asuntos Marítimos	Recolector de algas de interese comercial	Presencial	40	0,80	13/05/2016

CONSELLERÍA DO MAR
DIRECCIÓN XERAL DE DESENVOLVEMENTO PESQUEIRO

Rúa dos Irmandiños, s/n- Salgueiriños
15781 Santiago de Compostela
T. 981 546 176
cma.dxdeseenvolvimento@xunta.gal



9	REP-CMRM-09	Consellería de Pesca Marisqueo e Acuicultura	A muller no sector marisqueiro en Galicia	Presencial	30	0,60	13/05/2016
10	REP-CMRM-10	Consellería do Medio Rural e do Mar	Habilidades Sociais	Presencial	30	0,60	13/05/2016
11	REP-CMRM-11	Consellería do Medio Rural e do Mar	Habilidades Sociais e Comunicación	Presencial	30	0,60	13/05/2016
12	REP-ME-01	Ministerio de Trabajo y Seguridad Social	Acuicultura	Presencial	500	2,00	13/05/2016
13	REP-CTB-01	Consello Galego de Cooperativas	Habilidades Sociais Básico en Cooperativas	En rede	30	0,60	13/05/2016
14	REP-CTB-02	Consello Galego de Cooperativas	Formación Cooperativa Básica	En rede	30	0,60	13/05/2016
15	REP-CTB-03	Consello Galego de Cooperativas	Formación Cooperativa en Xestión e Dirección	En rede	50	1,00	13/05/2016
16	REP-CTB-04	Consello Galego de Cooperativas	Habilidades Sociais en Cooperativas e Empresas de Economía Social I	Mixto	30	0,60	13/05/2016
17	REP-CTB-05	Consello Galego de Cooperativas	Habilidades Sociais en Cooperativas e Empresas de Economía Social II	Mixto	50	1,00	13/05/2016

CONSELLERÍA DO MAR
DIRECCIÓN XERAL DE DESENVOLVEMENTO PESQUEIRO

Rúa dos Irmandiños, s/n- Salgueiriños
15781 Santiago de Compostela
T. 981 546 176
cma.dxdeseenvolvimento@xunta.gal



18	REP-CTB-06	Consello Galego de Cooperativas	Habilidades sociais en Cooperativas: Nivel Avanzado	En rede	50	1,00	13/05/2016
19	REP-CTB-07	Consello Galego de Cooperativas	Responsabilidade Social das Cooperativas	En rede	15	0,30	13/05/2016
20	REP-CTB-08	Consello Galego de Cooperativas	Muller, cooperativas e igualdade de xénero	En rede	15	0,30	13/05/2016
21	REP-CTB-09	Consellería de Traballo e Benestar	Habilidades Directivas	Mixto	60	1,20	13/05/2016
22	REP-CTB-10	Consellería de Traballo e Benestar	Habilidades para o emprendemento cooperativo feminino	Presencial	25	0,50	13/05/2016
23	REP-UDC-01	Universidade da Coruña	Resolución de conflitos	Presencial	10	0,20	13/05/2016
24	REP-UDC-02	Universidade da Coruña	Habilidades Comunicativas	Presencial	10	0,20	13/05/2016
25	REP-ALC-01	Concello de Poio	Curso básico de Introducción á interpretación do patrimonio e atención ao público no medio natural	Presencial	30	0,60	13/05/2016
26	REP-IME-01	Instituto Marítimo Español	Master en Pesca e Acuicultura	Presencial	250	2,00	13/05/2016

CONSELLERÍA DO MAR
DIRECCIÓN XERAL DE DESENVOLVEMENTO PESQUEIRO

Rúa dos Irmandiños, s/n- Salgueiriños
15781 Santiago de Compostela
T. 981 546 176
cma.dxdeseenvolvimento@xunta.gal



27	REP-CTB-12	Consellería de Traballo e Benestar	O Cooperativismo: emprender baixo a fórmula cooperativa	Presencial	40	0,80	13/05/2016
28	REP-CTB-13	Consellería de Traballo e Benestar	¿Pode ser o emprendemento cooperativo unha opción para ti?	Presencial	8	0,16	13/05/2016
29	REP-CTB-14	Consellería de Traballo e Benestar	Manipulador operador de produtos pesqueiros frescos (avanzado)	Presencial	15	0,30	13/05/2016
30	REP-CTB-15	Unión de Cooperativas de Traballo Asociado-UGACOTA	Obradoiro de formación cooperativa para persoas que queren emprender	Presencial	20	0,40	13/05/2016
31	REP-CTB-16	Unión de Cooperativas de Traballo Asociado-UGACOTA	Obradoiro por que non traballamos en equipo	Presencial	20	0,40	13/05/2016
32	REP-CTB-17	Unión de Cooperativas de Traballo Asociado-UGACOTA	Obradoiro de formación elabora o teu plan de empresa cooperativo	Presencial	20	0,40	13/05/2016
33	REP-CTB-18	Unión de Cooperativas de Traballo Asociado-UGACOTA	Como elaborar un plan de empresa cooperativo	En rede	75	1,50	13/05/2016
34	REP-CTB-19	Unión de Cooperativas de Traballo Asociado-UGACOTA	Aprender a emprender formación para o emprendemento cooperativo	En rede	70	1,40	13/05/2016
35	REP-CTB-20	Unión de Cooperativas de Traballo Asociado-UGACOTA	Programa avanzado en liderado e habilidades directivas	En rede	150	2,00	13/05/2016

CONSELLERÍA DO MAR
DIRECCIÓN XERAL DE DESENVOLVEMENTO PESQUEIRO

Rúa dos Irmandiños, s/n- Salgueiriños
15781 Santiago de Compostela
T. 981 546 176
cma.dxdesenvolvemento@xunta.gal



36	REP-CTB-21	Unión de Cooperativas de Trabajo Asociado-UGACOTA	Xestión de cooperativas de traballo	En rede	64	1,28	13/05/2016
37	REP-CTB-22	Unión de Cooperativas de Trabajo Asociado-UGACOTA	Iniciación á cooperativa de traballo	En rede	34	0,68	13/05/2016
38	REP-CTB-23	Unión de Cooperativas de Trabajo Asociado-UGACOTA	Responsabilidade social empresarial nas cooperativas	En rede	34	0,68	13/05/2016
39	REP-GAC-01	Grupo de Acción Costeira-Ría de Pontevedra	Internet práctica para o sector pesqueiro e marisqueiro	Presencial	9	0,18	13/05/2016
40	REP-SAP-01	Sindicato da Administración Pública-SAP	Habilidades directivas	En rede	35	0,70	13/05/2016
41	REP-UDC-03	Universidade de Vigo	Integración ambiental dos sectores da pesca, marisqueo e acuicultura	En rede	30	0,60	13/05/2016
42	REP-ALC-02	Concello de Cambados	Comercialización e TIC para o sector pesqueiro	Presencial	45	0,90	13/05/2016
43	REP-ALC-03	Concello de Cambados	Guía turístico para persoal pesqueiro	Presencial	45	0,90	13/05/2016
44	REP-ALC-04	Concello de Cambados	Habilidades sociais para o marisqueo a pé	Presencial	50	1,00	13/05/2016

CONSELLERÍA DO MAR
DIRECCIÓN XERAL DE DESENVOLVEMENTO PESQUEIRO

Rúa dos Irmandiños, s/n- Salgueiriños
15781 Santiago de Compostela
T. 981 546 176
cma.dxdeseenvolvimento@xunta.gal



45	REP-FXPS-01	Fundación Xestión e Participación Social	Xestión de asociacións	En rede	32	0,64	13/05/2016
46	REP-ALC-05	Concello de Marín	Manipulación e presentación de produtos pesqueiros na praza de abastos de Marín	Presencial	15	0,30	13/05/2016
47	REP-ALC-06	Concello de Porto do Son	Xestión de asociacións	Presencial	20	0,40	13/05/2016
48	REP-CDP-01	Confraría de Noia	Comercialización dos produtos pesqueiros e da acuicultura	Presencial	30	0,60	13/05/2016
49	REP-CDP-02	Confraría de Noia	Operador manipulador dos produtos pesqueiros frescos	Presencial	35	0,70	13/05/2016
50	REP-CSIF-01	Central Sindical Independente e de Funcionarios-Unión Provincial Pontevedra	Resolución de conflitos	En rede	30	0,60	13/05/2016
51	REP-CSIF-02	Central Sindical Independente e de Funcionarios-Unión Provincial Pontevedra	Operador-Manipulador de Produtos Pesqueiros Frescos	En rede	36	0,72	13/05/2016
52	REP-CSIF-03	Central Sindical Independente e de Funcionarios-Unión Provincial Pontevedra	Operador-Manipulador de Produtos Pesqueiros Frescos	Presencial	36	0,72	13/05/2016
53	REP-CTB-24	Consellería de Traballo	Técnicas novidosas en acuicultura	Presencial	40	0,80	13/05/2016

CONSELLERÍA DO MAR
DIRECCIÓN XERAL DE DESENVOLVEMENTO PESQUEIRO

Rúa dos Irmandiños, s/n- Salgueiriños
15781 Santiago de Compostela
T. 981 546 176
cma.dxdesenvolvemento@xunta.gal



54	REP-CTB-25	Consellería de Familia e Promoción do Emprego, Muller e Xuventude	Aplicacións informáticas de xestión	Presencial	80	1,60	13/05/2016
55	REP-UDC-04	Universidade de Santiago de Compostela	Curso postgrao Economía Pesqueira	Presencial	250	2,00	13/05/2016
56	REP-FOPI-01	Fundación Orientación Profesional Investigación e Desenvolvemento Tecnolóxico do Emprego e Formación de Galicia (FORGA)	Habilidades sociais e de comunicación	En rede	35	0,70	13/05/2016
57	REP-FSB-01	Formación sin Barreras	Habilidades directivas	En rede	35	0,70	13/05/2016
58	REP-ALC-07	Concello de Poio	Habilidades sociais básicas para o sector pesqueiro e marisqueiro	Presencial	40	0,80	13/05/2016
59	REP-ALC-08	Concello de Poio	Fórmulas asociativas no sector pesqueiro e marisqueiro	Presencial	40	0,80	13/05/2016
60	REP-ALC-09	Concello de Poio	Comercialización de produtos do mar	Presencial	20	0,40	13/05/2016
61	REP-ALC-10	Concello de Poio	Formación cooperativa para o marisqueo a pé	Presencial	30	0,60	13/05/2016
62	REP-ALC-11	Concello de Poio	Internet aplicado ao sector marisqueiro	Presencial	20	0,40	13/05/2016

CONSELLERÍA DO MAR
DIRECCIÓN XERAL DE DESENVOLVEMENTO PESQUEIRO

Rúa dos Irmandiños, s/n- Salgueiriños
15781 Santiago de Compostela
T. 981 546 176
cma.dxdeseenvolvemento@xunta.gal



